

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**

Mercadorías

05/10/2023

00:01 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. Que fenómeno é típico dunha sobrecarga no eixo traseiro do camiión?

- a) O sobrequecemento dos freos.
- b) O esforzo excesivo para a suspensión dianteira.
- c) A dureza na dirección do vehículo.
- d) A falta de apoio no eixo dianteiro e o desgaste prematuro dos pneumáticos debido ao escorregamento.

2. Que tipo de documento é necesario levar a bordo do vehículo para demostrar que se está autorizado para realizar transporte interior de mercadorías?

- a) O orixinal da autorización administrativa que se outorga á empresa.
- b) Ningún.
- c) A copia certificada da autorización coa matrícula do vehículo.
- d) O documento que acredite a competencia profesional.

3. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, o camiión:

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

4. As autorizacións de transporte privado complementario de mercadorías identifícanse rexistralmente coa clave

- a) MDPE
- b) MPCE
- c) MDLE
- d) VPCE

5. Cal é o número mínimo de vehículos requirido para obter autorización de transporte privado complementario de mercadorías?

- a) Un.
- b) Tres.
- c) Un se se trata dun vehículo de ata 3,5 toneladas de MMA e tres se se trata de vehículos pesados.
- d) Cinco.

6. Que establece o convenio CMR?

- a) As condicións de realización dos transportes internacionais de mercadorías por estrada.
- b) As condicións de realización dos transportes internacionais de viaxeiros por estrada.
- c) A regulación do transporte internacional de mercadorías e de viaxeiros.
- d) Os sistemas de control policial na estrada.

7. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras FRF?

- a) Esta clase de vehículo non existe.
- b) Un vehículo frigorífico reforzado da clase F.
- c) Un vehículo frigorífico reforzado da clase N.
- d) Un vehículo isoterma normal da clase F.

8. Que permiten as autorizacións multilaterais de transporte internacional?

- a) O transporte a calquera país.
- b) O transporte a calquera país, sempre que non requira o embarque do vehículo que realiza o transporte por estrada noutro modo de transporte.
- c) Transportar a/ou desde calquera dos países asinantes do acordo cunha soa autorización.
- d) Transportar a/ou desde calquera dos países asinantes do acordo, pero necesítanse tantas autorizacións como países se atravesen.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. Como se clasifican os transportes de mercadorías, segundo o ámbito en que se realicen?

- a) Interiores e internacionais.
- b) De mercadorías normais e perigosas.
- c) Permanentes e temporais.
- d) Públicos e privados.

10. En camiións de caixa aberta, onde debe situarse a carga para reducir a resistencia do aire?

- a) Na parte traseira da caixa.
- b) Na parte dianteira da caixa.
- c) O máis centrada posible na caixa.
- d) O máis elevada posible.

11. Cales son as funcións propias do xefe de tráfico dunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Representar á empresa.
- b) Decidir a renovación e ampliación da frota de vehículos e a forma do seu financiamento.
- c) Realizar o seguimento comercial dos servizos.
- d) Vixiar o cumprimento das normas relacionadas co transporte.

12. Os transportes de medicamentos:

- a) están exentos de autorización en caso de axudas urxentes.
- b) están sempre exentos de autorización.
- c) necesitan sempre autorización de transporte privado complementario.
- d) necesitan sempre autorización de transporte sanitario.

13. Cada vez que se realiza un cambio durante a subida dunha pendente, existe un instante no que o camiión perde potencia. De que dependen estas perdas de potencia?

- a) Da experiencia do condutor.
- b) Da inclinación da pendente e da masa do vehículo.
- c) Do aumento do fluxo de refrixeración.
- d) Da diminución da temperatura.

14. A que tipo de sociedade outórganlle a cualificación correspondente as Comunidades Autónomas?

- a) Á sociedade anónima.
- b) Á sociedade de responsabilidade limitada.
- c) Á sociedade laboral.
- d) Á sociedade de garantía recíproca.

15. Que se debe ter en conta para poder realizar un transporte de mercadorías?

- a) As masas máximas permitidas.
- b) Os trámites administrativos.
- c) Calcular o teorema de Kamm.
- d) Facer unha comprobación previa do transporte.

16. Nunha sociedade anónima, o capital social non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000 euros.
- b) 60.000 euros.
- c) 100.000 euros.
- d) 120.000 euros.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. O incremento do número de marchas nun camión:

- a) facilita o cambio cunha diminución do par.
- b) empeora o cambio pois é máis complicado.
- c) facilita o cambio cun incremento do par.
- d) empeora o cambio pois se adquire menos potencia.

18. Unha boa estiba require que a carga sexa colocada:

- a) reducindo ao mínimo o tempo de carga e descarga.
- b) de forma que nunca se superpoñan máis de 5 vultos.
- c) de forma transversal á caixa do vehículo.
- d) de forma lonxitudinal á caixa do vehículo.

19. Cómo se denomina o vehículo concibido para ser remolcado por un vehículo de motor?

- a) Vehículo articulado
- b) Remolque
- c) Tractocamión
- d) Tren de estrada

20. Que utilidade ten a madeira na estiba dunha mercadoría?

- a) Aumentar o peso da carga.
- b) Elevar a posición da carga.
- c) Separar os materiais pesados dos lixeiros.
- d) Encher ocos entre materiais e fabricar apoios ou cuñas.

21. Son actividades de transporte de mercadorías por estrada:

- a) as actividades de transporte por conta allea.
- b) as actividades de transporte por conta propia.
- c) as actividades de transitario.
- d) As respostas A e B son correctas.

22. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras FNA?

- a) Un vehículo frigorífico normal da clase E.
- b) Un vehículo refrixerante reforzado da clase A.
- c) Un vehículo frigorífico normal da clase A.
- d) Un vehículo refrixerado normal da clase A.

23. Que tipo de actividade realizan as empresas que prestan servizos de transporte de mercadorías a terceiros?

- a) Transporte por conta propia.
- b) Transporte por conta allea.
- c) Unha actividade auxiliar e complementaria.
- d) As respostas B e C son correctas.

24. Que se entende por transporte de mercadorías por conta allea?

- a) O transporte que realiza persoal asalariado.
- b) A prestación de servizos de transporte a terceiros.
- c) O transporte que se realiza con vehículos alugados.
- d) O transporte realizado por persoal non profesional.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. Coñécese como unidade TEU...

- a) calquera contedor, calquera que sexa a súa medida de longo.
- b) só os contedores de 40 pés de longo.
- c) os contedores especiais (cisterna, frigoríficos, etc.).
- d) os contedores de 20 pés de longo.

26. Por que pode producirse a fatiga e a redución da concentración?

- a) Por durmir máis de oito horas.
- b) Por realizar os descansos regulamentarios.
- c) Por unha mala alimentación.
- d) Por non beber alcol.

27. Cal é o trastorno máis común que pode aparecer se non está ben deseñado o asento do condutor?

- a) Dor de cabeza.
- b) Lumbalxias.
- c) Tendinite.
- d) Luxación.

28. Como se denomina a tarxeta de tacógrafo que identifica o condutor e permite almacenar datos sobre a súa actividade?

- a) Tarxeta de control.
- b) Tarxeta de centro de ensaio.
- c) Tarxeta de condutor.
- d) Tarxeta de empresa.

29. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucions dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) A potencia.
- b) O tipo de culata.
- c) O consumo específico.
- d) O par motor máximo.

30. Entre as medidas adoptadas polos Estados membros no marco da cooperación Schengen cabe mencionar:

- a) crear unha terminal común nos aeroportos para viaxeiros do ámbito Schengen.
- b) evitar que os transportistas teñan que loitar contra a inmigración clandestina.
- c) reforzar os controis fronteirizos interiores.
- d) facilitar o cruzamento de fronteiras interiores sen control sobre as persoas.

31. Conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible, dependendo da velocidade á que se circule, ten como vantaxe:

- a) aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- b) un menor consumo de carburante.
- c) reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.

32. O par motor está relacionado con:

- a) a lonxitude do cegoñal.
- b) o diámetro do embrague.
- c) a expansión dos gases queimados no interior do cilindro.
- d) o número de velocidades da caixa de cambios.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Un vehículo pesado posúe un ralentizador do tipo "freo no escape", ao accionalo, veranse freadas:

- a) as rodas motrices.
- b) as rodas directrices.
- c) todas as rodas.
- d) as rodas do eixo dianteiro.

34. Que debe facerse nos adiantamentos?

- a) Calcular o adiantamento con suficiente antelación.
- b) Ter unha velocidade maior que a do vehículo adiantado ao cambiar de carril.
- c) Comezar a acelerar antes de cambiar de carril.
- d) Todas as respostas son correctas.

35. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:

- a) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- b) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- c) observar de lonxe para anticiparse ás condicións do tráfico.
- d) acelerar en baleiro cando se arrinca o motor para que este alcance a temperatura adecuada no menor tempo posible.

36. Que ocorre nun motor de inxección electrónica cando se circula cunhas revolucións próximas ao ralentí?

- a) O consumo de carburante é alto.
- b) O consumo de carburante é nulo.
- c) A temperatura increméntase exponencialmente.
- d) Non é posible, o vehículo non se movería.

37. Que tipo de chan é capaz de absorber e amortecer parte do peso do corpo?

- a) Cemento.
- b) Moqueta.
- c) Asfalto.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

38. O uso do cinto de seguridade é obrigatorio en vías:

- a) urbanas e interurbanas.
- b) interurbanas, xa que en vías urbanas é recomendable, pero non obrigatorio.
- c) interurbanas, en calquera caso, e urbanas se así o prevé a correspondente ordenanza municipal.
- d) urbanas exclusivamente.

39. Cal é o concepto de "par motor"?

- a) É o traballo realizado na unidade de tempo.
- b) É o esforzo necesario para facer virar as rodas do vehículo.
- c) É o esforzo que transmite o pistón sobre o cegoñal e, por tanto, sobre o volante de inercia.
- d) É o traballo necesario para facer virar as rodas do vehículo.

40. O efecto "fading" consiste na cristalización:

- a) dos elementos freantes.
- b) do combustible.
- c) do aire do sistema pneumático.
- d) do caucho do pneumático.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. A sociedade anónima terá carácter:

- a) Civil.
- b) Mercantil.
- c) Laboral.
- d) Mercantil, se o seu obxecto é mercantil e civil, nos demais casos.

42. O período de tempo comprendido entre as 00:00 do luns e as 24:00 do domingo, a que corresponde?

- a) A un período de descanso diario.
- b) A un día civil.
- c) A unha semana.
- d) A unha xornada laboral.

43. Mentres está a chover, cal é o momento no que hai que tomar máis precaucións?

- a) Durante as primeiras pingas xa que se forma unha película sobre o pavimento, aumentando a distancia de freada.
- b) Ao final da tormenta xa que se forma unha película sobre o pavimento, aumentando a distancia de freada.
- c) Cando o pavimento está a secarse.
- d) En ningún momento.

44. Das seguintes enfermidades, sinala a que non é recoñecida como enfermidade profesional no sector do transporte:

- a) Pancreatites ocasionada polas malas posturas.
- b) Parálise do nervio radial por compresión do mesmo provocada por posturas forzadas e movementos repetitivos.
- c) Fatiga de vainas tendinosas (Inflamación dos tendóns da boneca e dos dedos por rozamento e movemento repetitivo).
- d) Xordeira provocada polo ruído.

45. O efecto "fading" prodúcese cando:

- a) faise un mal uso do freo de servizo.
- b) o pneumático non é capaz de evacuar a auga que se atopa na calzada.
- c) rózase lateralmente o pneumático contra os bordos das beirarrúas.
- d) desgástase o pneumático a partir dun certo límite.

46. Ao accionar o freo de estacionamento nun vehículo dotado de sistema pneumático de freos:

- a) os ralentizadores evitan a fatiga dos freos.
- b) non debe utilizarse o freo de servizo.
- c) non é conveniente que os freos se atopen quentes.
- d) non debe utilizarse o freo do motor de escape.

47. Que obxectivo teñen os repousacabezas?

- a) Son un elemento de seguridade activa.
- b) Diminúen considerablemente a gravidade das lesións no pescozo e nas vértebras.
- c) Diminúen considerablemente a gravidade das lesións nas pernas.
- d) Ningún, xa que é un elemento decorativo.

48. Sinala a resposta correcta respecto á toma de alcol.

- a) Prevé as enfermidades do pulmón.
- b) É un estimulante.
- c) Altera e diminúe as aptitudes para a condución.
- d) Prevé as enfermidades do corazón.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. Cando está especialmente aconsellado que o condutor evacúe o vehículo?

- a) En caso de choiva.
- b) Cando o vehículo se detivo sobre un cruce cunha vía de ferrocarril e non é posible movelo.
- c) En caso de tormenta.
- d) No caso de que haxa moi pouca luz.

50. Os SIT, en relación coa xestión integral de túneles, que funcionalidades poden ter?

- a) Control da ventilación.
- b) Auxilio na estrada.
- c) Información xeral ao usuario.
- d) Todas as respostas son correctas.

51. Á cantidade de combustible que necesita un motor para fornecer unha determinada unidade de potencia por unidade de tempo chámasele...

- a) consumo específico.
- b) consumo medio.
- c) consumo instantáneo.
- d) consumo total.

52. Se un motor está mal regrado:

- a) non inflúe no consumo de carburante.
- b) aumenta o consumo de carburante.
- c) pode reducirse nun 4% o consumo de carburante.
- d) pode reducirse nun 10% o consumo de carburante.

53. Cales son as principais medidas que deben tomarse en caso de xeo na estrada?

- a) Freado a fondo para poder deter o vehículo en poucos metros.
- b) A arrancada debe facerse nunha relación de marchas o máis curta posible.
- c) En caso de perda de control non debe frearse, debe levantarse suavemente o pé do acelerador.
- d) Nas curvas débese tocar o freo.

54. O exceso superior ao 25% sobre os tempos máximos de condución semanais, que tipo de infracción se considera?

- a) Grave.
- b) Leve.
- c) Non se considera infracción.
- d) Moi grave.

55. O que un automóbil monte unha caixa de velocidades con cambio manual ou con cambio automático, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, coas caixas de velocidades con cambio automático o consumo é maior.
- b) Si, coas caixas de velocidades con cambio automático o consumo é menor.
- c) Se a velocidade é a mesma, non inflúe.
- d) Se o estilo de conducir é o mesmo, non inflúe.

56. Que risco para a condución aumenta cando aparece o vento?

- a) O desprazamento ou envorco.
- b) A perda de visibilidade.
- c) A distancia de freada.
- d) A perda de adherencia.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. Que transformación se produce no interior dun motor de combustión?

- a) Monóxido de carbono en osíxeno.
- b) Enerxía química en enerxía mecánica.
- c) Monóxido de carbono en dióxido de carbono.
- d) Enerxía eléctrica en enerxía mecánica.

58. O disco-diagrama ou folla de rexistro debe manterse inserido no tacógrafo analóxico durante:

- a) un mes obrigatoriamente.
- b) o tempo que dure a xornada do condutor.
- c) o tempo que o condutor estime oportuno.
- d) polo menos 48 horas.

59. Un vehículo destinado exclusivamente a trasladar mercadorías dentro do recinto dun porto está:

- a) obrigado ao uso de tacógrafo dixital.
- b) obrigado ao uso de tacógrafo analóxico, polo menos.
- c) exento do uso de tacógrafo sempre que a Masa Máxima Autorizada non supere 12.000 kg.
- d) exento do uso de tacógrafo.

60. O dispositivo de enganche do chasis dun tractocamiión, cómo se denomina?

- a) Quinta roda.
- b) Quinto eixe.
- c) Cuarta roda.
- d) Cuarto eixe.

61. Unha consecuencia de realizar unha conducción encamiñada á optimización do consumo é:

- a) a protección do medio ambiente.
- b) o aumento do número de aceleracións.
- c) que se evitan as turbulencias.
- d) que se aumenta o réxime de xiro.

62. Dos factores que inflúen na resistencia aerodinámica dun vehículo e, por tanto, no consumo de combustible, cal é o que máis afecta?

- a) A velocidade.
- b) A densidade do aire.
- c) A superficie frontal do vehículo.
- d) A superficie lateral do vehículo.

63. Que risco para a conducción aumenta cando aparece a neve na calzada?

- a) Menor adherencia.
- b) Menor visibilidade.
- c) Ocultación dos sinais.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

64. Se, como consecuencia dunha inspección de transporte na estrada, hai que proceder ao traslado obrigatorio do vehículo:

- a) o vehículo só poderá ser conducido ata o taller máis próximo polos axentes que efectúen o control.
- b) o condutor non ten ningunha obrigaón de facilitarlles as operacións de verificación.
- c) o condutor está obrigado a conducilo ata o taller autorizado e facilitar as verificacións.
- d) para a conducción ao taller máis próximo, a empresa transportista terá que facilitar un novo condutor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. Como denomina a normativa de tempos de condución e descanso ao tempo acumulado total de condución entre o final dun período de descanso diario e o principio do seguinte período de descanso diario?

- a) Tempo semanal de condución.
- b) Tempo diario de condución.
- c) Condución ininterrompida.
- d) Condución bisemanal.

66. Das seguintes opcións, cal non é unha obrigação de prevención do empresario?

- a) Evitar riscos evitables.
- b) Adoptar medidas de protección.
- c) Formar e informar.
- d) Utilizar os equipos de protección.

67. Sinala a afirmación incorrecta:

- a) A declaración amigable de accidente axiliza o pago de indemnizacións derivadas dun sinistro.
- b) A declaración amigable de accidente fai que diminúa o consumo dos vehículos.
- c) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor do empregado que recibe o parte de sinistro na oficina.
- d) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor dos tramitadores da indemnización.

68. Das seguintes opcións, cal é unha medida de aforro de carburante equivocada?

- a) Aproveitar a inercia do vehículo.
- b) Observar as revolucións do motor para decidir o momento no que se debe cambiar de marcha.
- c) Deixar de acelerar con suficiente antelación.
- d) Circular cunha presión de inflado superior á recomendada polo fabricante do vehículo.

69. É unha característica da condución defensiva:

- a) confiar sempre na actuación dos demais.
- b) pensar sempre que os outros condutores teñen máis experiencia.
- c) manter distancia de seguridade e reacción.
- d) Todas as respostas son correctas.

70. De acordo con o Regulamento (CE) 561/2006, o período diario durante o cal o condutor pode dispoñer libremente do seu tempo é:

- a) de descanso diario.
- b) de presenza diario.
- c) de condución diario.
- d) de dispoñibilidade diario.

71. Que pode facer variar a inercia dun vehículo?

- a) A mala estiba da carga.
- b) O uso do acelerador.
- c) O estado dos pneumáticos.
- d) O volume do vehículo.

72. Que é recomendable facer ante a necesidade dunha deceleración?

- a) Utilizar o freo de servizo.
- b) Utilizar o freo motor.
- c) Rodar aproveitando a inercia cunha marcha engranada.
- d) Rodar ao ralentí e usar os deceleradores.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. Onde poden atoparse os valores do par máximo dun vehículo?

- a) Nas táboas que publica o IDAE.
- b) Nas táboas que publica o Ministerio de Industria.
- c) Nas táboas do Ministerio de Transportes.
- d) Na documentación do vehículo.

74. Que debe facerse se o vehículo colle velocidade nunha baixada prolongada?

- a) Pisar o embrague e reducirse unha marcha.
- b) Activar o ralentizador de emerxencia.
- c) Pisar de forma progresiva o freo de servizo.
- d) Activar o bloqueo de rodas.

75. Cal é o accidente laboral máis frecuente que se pode producir como consecuencia de placas de xeo en cámaras e caixas frigoríficas?

- a) Exposición continuada a vibracións.
- b) Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- c) Caídas de persoas a distinto nivel.
- d) Atropelos por vehículos.

76. Con que nivel de revolucións obtense un mellor par motor?

- a) O par motor non depende das revolucións.
- b) Co máis baixo.
- c) Co máis alto.
- d) Cun nivel medio.

77. Dentro dos modos de transporte, cal é o que xera máis emprego?

- a) Ferroviario
- b) Aéreo
- c) Por estrada
- d) Marítimo

78. Se un motor funciona ao máximo de revolucións:

- a) aumenta o consumo.
- b) aumenta o par motor.
- c) aumenta o consumo e o par motor.
- d) diminúe o consumo e o par motor.

79. Que resistencias interveñen no movemento dos vehículos?

- a) A resistencia de pendente.
- b) A resistencia ao consumo.
- c) A resistencia ao conxunto da transmisión.
- d) A resistencia ao movemento do conxunto dámper-cegoñal.

80. Entre as funcionalidades dos ITS ou SIT atópase...

- a) as comunicacións entre vehículo e a infraestrutura.
- b) a xestión de frota.
- c) a optimización das infraestruturas.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. Se existe o risco dun derrame de produtos perigosos, os pasaxeiros deben separarse:

- a) na mesma dirección do vento, polo menos a 200 metros de distancia.
- b) en dirección contraria ao vento, polo menos a 200 metros de distancia.
- c) en dirección contraria ao vento, polo menos a 50 metros de distancia.
- d) en dirección perpendicular ao vento, polo menos a 100 metros de distancia.

82. Dentro dos Sistemas de Transporte Intelixente atópanse os denominados DAI, cal é a súa funcionalidade?

- a) Xestión de peaxes en accesos a centros urbanos.
- b) Detección de conxestións e accidentes.
- c) Control do interior de túneles.
- d) Todas as respostas son correctas.

83. Quen comunica aos servizos encargados da elaboración da estatística os datos relativos a un accidente de circulación?

- a) A Dirección Xeral de Tráfico.
- b) Os axentes da autoridade encargados da vixilancia e o control do tráfico.
- c) A Comunidade Autónoma correspondente.
- d) A Xefatura Provincial de Tráfico correspondente.

84. A zona de máxima eficiencia do motor, zona económica...

- a) depende fundamentalmente da aerodinámica do vehículo.
- b) está especificada no contarrevolucións, xeralmente de cor vermella.
- c) está especificada no contarrevolucións, xeralmente de cor verde.
- d) depende fundamentalmente da MMA por eixo.

85. Que sanción se impón pola comisión dunha infracción moi grave consistente na manipulación do tacógrafo cando xa se foi sancionado por outra infracción moi grave nos doce meses anteriores, mediante resolución que pon fin á vía administrativa?

- a) De 3.001 a 8.000 euros.
- b) De 2.001 a 7.000 euros.
- c) De 1.001 a 6.000 euros.
- d) De 6.001 a 18.000 euros.

86. Cal é a capacidade mínima de rexistro dun disco-diagrama ou folla de rexistro?

- a) 10 horas.
- b) 20 horas.
- c) 24 horas.
- d) 48 horas.

87. O sistema ESP...

- a) é un sistema pneumático de freos.
- b) mellora activamente o seguimento da traxectoria por parte do vehículo.
- c) é un sistema electrónico de control da presión das rodas.
- d) é un programa de control de velocidade e consumo.

88. Unha baixada de temperatura de 10°C?

- a) diminúe o consumo de combustible nun 3%.
- b) diminúe o consumo de combustible nun 2%.
- c) aumenta o consumo de combustible nun 4%.
- d) aumenta o consumo de combustible nun 8%.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. En que momento da condución se require unha maior concentración?

- a) En condicións meteorolóxicas favorables.
- b) Ao saír do garaxe.
- c) En adiantamentos en autovías.
- d) En condicións meteorolóxicas desfavorables.

90. Nos desprazamentos para distribución e repartición da mercadoría perigosa aos seus destinatarios finais ou consumidores?

- a) o transportista pode elixir libremente o itinerario a seguir xa que non existe restrición algunha.
- b) o itinerario a seguir débese marcar o cargador de acordo coas regras marcadas cada ano pola DXT.
- c) débese percorrer a mínima distancia posible ao longo de estradas convencionais.
- d) débese percorrer a mínima distancia posible ao longo de autovías.

91. No mantemento dun vehículo de transporte hai que controlar, entre outras cousas, as datas de futuras revisións do:

- a) tacógrafo.
- b) limitador de velocidade.
- c) certificado ATP (só no caso de cisternas).
- d) libro de follos de roteiro.

92. Cal é a principal causa de sinistralidade laboral para os traballadores do transporte?

- a) A intervención en accidentes de tráfico.
- b) A escasa visibilidade no posto de condución.
- c) Cables e enchufes defectuosos.
- d) Conexións inadecuadas.

93. A calidade que percibe o cliente dunha empresa de transporte depende, entre outros elementos:

- a) do trato que recibe por parte do condutor.
- b) da situación xeral do mercado (prezos, competencia).
- c) da organización operativa da empresa.
- d) da formación académica do condutor.

94. O transporte por estrada é unha actividade produtiva caracterizada polo traballo:

- a) a ritmos acelerados.
- b) sometido a múltiples circunstancias favorables.
- c) sometido a excesos de responsabilidade.
- d) As respostas A e C son correctas.

95. As leis vixentes consideran accidente de traballo a:

- a) todo dano que o traballador produce con ocasión do traballo que se executa.
- b) toda lesión corporal ou dano material que o traballador produce con ocasión do traballo que se executa.
- c) toda lesión corporal que o traballador sofre con ocasión do traballo que se executa.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

96. Segundo a regulamentación social europea, se un condutor conduce 2 horas e fai unha pausa de 15 minutos, despois conduce 2 horas e 30 minutos e fai unha pausa de 30 minutos:

- a) está a facer a interrupción correctamente.
- b) non está a facer correctamente a interrupción, debido a que debería facer 45 minutos de pausa ao final.
- c) non é correcto, debido a que só pode conducir 4 horas, como máximo.
- d) non é correcto, posto que a primeira pausa debería ser de 20 minutos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. Sinala a afirmación correcta.

- a) O ralentizador eléctrico é máis efectivo en vehículos de transporte urbano.
- b) O ralentizador eléctrico intercálase na transmisión do vehículo.
- c) O ralentizador eléctrico vai colocado no eixo primario da saída da caixa de velocidades.
- d) O ralentizador eléctrico vai colocado á saída do tubo de escape.

98. Dentro dos Sistemas de Transporte Intelixente atópanse os denominados V2V, cal é a súa funcionalidade característica?

- a) Incrementar a seguridade nos túneles.
- b) Calcular a velocidade media en determinados tramos de estrada.
- c) Dar información sobre os servizos aos usuarios do transporte público.
- d) Establecer comunicación entre dous vehículos.

99. Que significa literalmente o termo "ergonomía"?

- a) Norma do traballo.
- b) Suxerencias de traballo.
- c) Propostas de traballo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

100. Nos accidentes de traballo no transporte, que actividade causa rachos musculares con máis frecuencia?

- a) Escaleiras en mal estado.
- b) Derrame de mercadoría perigosa por mor de accidentes de tráfico.
- c) Uso de recipientes deteriorados.
- d) Enchido por encima da capacidade estipulada.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Nun camión, o desgaste prematuro dos pneumáticos é unha característica típica:

- a) da sobrecarga no eixo dianteiro, non así do eixo traseiro.
- b) da sobrecarga nos eixos dianteiro e traseiro.
- c) da sobrecarga no eixo traseiro, non así do eixo dianteiro.
- d) O desgaste prematuro dos pneumáticos non produce sobrecarga sobre ningún eixo.

102. En caso de avaría ou mal funcionamento do tacógrafo analóxico, o condutor:

- a) deixará de conducir.
- b) seguirá traballando e posteriormente informará o xefe de tráfico da súa empresa.
- c) indicará os bloques de tempos nunha folla, que achegará aos discos-diagrama, e seguirá traballando.
- d) Ningunha resposta é correcta.

103. Como se denomina tamén o método das preferencias declaradas, utilizado para valorar economicamente os custos humanos dos accidentes de tráfico?

- a) Método das indemnizacións.
- b) Método da disposición ao pago.
- c) Método de capitalización.
- d) Método da invariante produtiva.

- 97. Señale la afirmación correcta.**
- a) El ralentizador eléctrico es más efectivo en vehículos de transporte urbano.
 - b) El ralentizador eléctrico se intercala en la transmisión del vehículo.
 - c) El ralentizador eléctrico va colocado en el eje primario de la salida de la caja de velocidades.
 - d) El ralentizador eléctrico va colocado a la salida del tubo de escape.

- 98. Dentro de los Sistemas de Transporte Inteligente se encuentran los denominados V2V, ¿cuál es su funcionalidad característica?**
- a) Incrementar la seguridad en los túneles.
 - b) Calcular la velocidad media en determinados tramos de carretera.
 - c) Dar información sobre los servicios a los usuarios del transporte público.
 - d) Establecer comunicación entre dos vehículos.
- 99. ¿Qué significa literalmente el término "ergonomía"?**
- a) Norma del trabajo.
 - b) Sugerencias de trabajo.
 - c) Propuestas de trabajo.
 - d) Todas las respuestas anteriores son correctas.

- 100. En los accidentes de trabajo en el transporte, ¿qué actividad causa desgarros musculares con más frecuencia?**

- a) Escaleras en mal estado.
- b) Derrame de mercancía peligrosa a causa de accidentes de tráfico.
- c) Uso de recipientes deteriorados.
- d) Llenado por encima de la capacidad estipulada.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

- 101. En un camión, el desgaste prematuro de los neumáticos es una característica típica:**
- a) de la sobrecarga en el eje delantero, no así del eje trasero.
 - b) de la sobrecarga en los ejes delantero y trasero.
 - c) de la sobrecarga en el eje trasero, no así del eje delantero.
 - d) El desgaste prematuro de los neumáticos no produce sobrecarga sobre ningún eje.

- 102. En caso de avería o mal funcionamiento del tacógrafo analógico, el conductor:**
- a) dejará de conducir.
 - b) seguirá trabajando y posteriormente informará al jefe de tráfico de su empresa.
 - c) indicará los bloques de tiempos en una hoja, que adjuntará a los discos-diagrama, y seguirá trabajando.
 - d) Ninguna respuesta es correcta.

- 103. ¿Cómo se denomina también el método de las preferencias declaradas, utilizado para valorar económicamente los costes humanos de los accidentes de tráfico?**
- a) Método de las indemnizaciones.
 - b) Método de la disposición al pago.
 - c) Método de capitalización.
 - d) Método de la invariante productiva.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 05-10-2023 00:01 h

Lugar: RUA DE MADRID, 2

